FICHA DIDÁCTICA "MUSICA E EVOLUCIÓN"

Risca unha ou varias das respostas que che parezan adecuadas a cada pregunta

A linguaxe falada humana esta especilizada en transmitir principalmente:

- ◊ Coñecemento sobre o mundo
- ◊ Emocións
- ◊ Electricidade
- ◊ Imaxes

Os comportamentos musicais humanos están especializados en transmitir principalmente:

- ◊ Coñecementos sobre o mundo
- ◊ Emocións
- ◊ Palabras

Podemos dicir que ao cantar falamos emocións e ao falar cantamos coñecementos?

- ◊ Si
- ◊ Non

Os homes primitivos de hai un millón de anos comunicábanse

- ◊ A través dunha linguaxe simbólica como a nosa
- ◊ Mediante berros moi forte e asubíos
- ◊ Empregaban unha musilingua, algo semellante a unha linguaxe moi musical

Cales destes efectos provoca a música sobre nós?

- ◊ Fainos reflexionar sobre coñecementos que xa temos
- ◊ Esperta emocións variadas
- ◊ Danos sentido de grupo
- ◊ Estimula a cooperación

Na nosa cultura de tradición as nenas dedicábanse principalmente a:

- ◊ Cantar acompañándose de instrumentos de percusión
- ◊ Construír e tocar instrumentos melódicos

Na nosa cultura de tradición os nenos dedicábanse principalmente a:

- ◊ Cantar acompañándose de instrumentos de percusión
- ◊ Construír e tocar instrumentos melódicos

Cal é o nome deste instrumento musical?



- ◊ Asubío
- ◊ Carriza
- ◊ Gaita

Saberías dicir o nome e que son imita este instrumento musical?

- ◊ Reque-reque e imita os canto dun paxaro
- ◊ Zoadeira e imita o zoar do vento
- ◊ Gaita de cana e imita ás cabras



Un dos instrumentos de percusión máis antigo é o cribo ou pandeiro redondo



- ◊ Certo
- ◊ Falso

Podemos construír un clarinete cunha palla de centeo?

- ◊ Si
- ◊ Non

Indica o nome deste sinxelo instrumento musical e o tipo ao que pertence

- ◊ Gaita de cana
- ◊ Gaita de palla
- ◊ Gaita de fol
- ◊ Frauta
- ◊ Aerófono
- ◊ Membranófono
- ◊ Idiófono
- ◊ Cordófono



Podemos tocar unha melodía cunha folla de hedra?

- ◊ Si
- ◊ Non

Asocia xunguindo con raias o tipo de instrumento musical (dereita) e o que vibra en primeiro lugar (esquerda):

- ◊ Aerófonos
- ◊ Membranófonos
- ◊ Idiófonos
- ◊ Cordófonos

- ◊ Vibra unha corda
- ◊ Vibra o corpo do instrumento
- ◊ Vibra unha membrana
- ◊ Vibra unha columna de aire

Asocia cunha liña estes tipos de gaita de fol coas súas denominacións

Gaita de fol de morfoloxía medieval

Gaita de ronquillo

Gaita de catro voces

Gaita de barquín

Os harmónicos son

- ◊ Un tipo de instrumento musical membranófono
- ◊ Os sons moi puros e suaves que ao mesturarse forman cada nota musical
- ◊ Eses instrumentos que se soplan coa boca, tamén chamados filarmónicas

A pandeireta desprazou ao resto de instrumentos musicais de percusión galegos cando entrou en Galicia no século XVIII?

- ◊ Si
- ◊ Non

Asocia empregando raias os elementos destas tres ringleiras:

Cunchas	Ravel	Tambor	Frauta
Membranófono	Aerófono	Cordófono	Idiófono

Todas as sociedades humanas fan música?

- ◊ Si
- ◊ Non

Ten sentido na actualidade que homes e mulleres, nenas e nenos, fagamos músicas diferentes ou é mellor que todos fagamos de todo? Risca as respostas que che parezan convincestes:

- ◊ Ten moito sentido, pois somos moi diferentes
- ◊ Mellor facer todos de todo
- ◊ Homes e mulleres temos as mesmas capacidades musicais, así que podemos e debemos facer a mesma música
- ◊ Tivo sentido noutro tipo de sistema cultural, pero xa non o ten